

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DO CONCELLO DE OURENSE NADAL 2021

PRIMEIRA. Obxecto

O concurso de escaparates de nadal ten como obxectivo visibilizar e apoiar ao o comercio local mentres se contribúe á mellora do ambiente de nadal no concello de Ourense. Así mesmo, o concurso deste nadal é organizado polo concello de Ourense en colaboración con CIFP Portovello e con Ecourense UTE, co fin de achegar ao alumnado á realidade comercial e promover a innovación educativa.

Neste contexto, convócase o devandito concurso de escaparates de nadal conforme as seguintes bases.

O texto íntegro das bases publicarase na páxina web municipal do Concello de Ourense, así como na de Ecourense UTE e na do CIFP Portovello (<https://www.cifpportovello.gal/>).

SEGUNDA. Requisitos

Poderán participar todos aqueles establecementos comerciais sitos no termo municipal do concello de Ourense que realicen os seus escaparates en torno á temática do nadal. No caso de que algún establecemento comercial non dispoña de escaparate valorarase a decoración da fachada do local comercial. A decoración deberá ser realizada antes do día 13 de decembro. Só poderá presentarse ao concurso un único proxecto por local comercial.

Os escaparates participantes disporán da súa propia iluminación e/ou decoración nas condicións que permitan visualizar claramente o espazo decorado no seu conxunto polo público en xeral.

Os establecementos onde se sitúen as decoracións serán publicados na páxina web municipal do Concello de Ourense, na de Ecourense UTE e na do CIFP Portovello (<https://www.cifpportovello.gal/>) para que poidan ser contempladas por quen queira visitalas.

TERCEIRA. Temática

O motivo e a temática da decoración dos escaparates será única e exclusivamente o Nadal. A composición técnica e o estilo a empregar será libre.

A decoración nos escaparates e/ou fachadas nos locais comerciais non debe causar ningún perigo para as persoas e os bens. As decoracións deberán estar expostas, polo menos, desde o 13 de decembro até o 8 de xaneiro, ambos inclusive.

CUARTA. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Todas as persoas interesadas deberán realizar a súa correspondente inscrición a través do seguinte correo electrónico:

- **concursoescaparates@ourense.gal**

Cos seguintes datos:

- Nome, apelidos e DNI do participante.
- Teléfono e e-mail.
- Nome do establecemento comercial participante con enderezo, rúa e número do lugar exacto onde se realiza a decoración de Nadal.
- Tres fotografías, en posición horizontal, da decoración do escaparate/fachada, onde se aprecie ben todos os elementos que a forman. Poden enviarse fotografías tanto diúrnas como nocturnas, no caso de incluír iluminación de Nadal.

O prazo de inscrición é do 1 ao 13 de decembro.

QUINTA. Premios e categorías

Establécense dúas categorías:

1. Votación do xurado. O xurado valorará os escaparates en función do establecido no apartado sexto destas bases.

- a. O xurado elegirá entre todos os participantes os gañadores dos tres primeiros premios.
- b. Premios ao comercio de barrio. Nesta edición convócanse cinco premios para o comercio de barrio. Para participar nestes premios o local deberá contar cunha dirección postal nos códigos postais de 32001, 32002, 32004, ou 32005, da cidade de Ourense. Será o xurado quen elixa os gañadores entre todos os participantes do concurso localizados nas direccións postais exixidas.
2. Votación popular. Exporanse as fotografías dos escaparates participantes no Facebook do Concello de Ourense e no do CIFP Portovello. A suma total das votacións recibidas na devandita rede social dos dous organismos determinará o/a gañador/a. A votación estará habilitada durante tres días, desde o 14 ao 16 de decembro, ámbolos dous incluídos.

A contía dos premios será a que se indica a continuación:

- Primeiro premio do xurado: 2.500 €
- Segundo premio do xurado: 1.500 €
- Terceiro premio do xurado: 1.000 €
- Premio votación popular: 500 €
- 5 Premios ao comercio de barrio: 500 € (cada premio).

A forma de abono dos premios realizarase mediante transferencia bancaria.

O importe dos premios virá minorado por unha retención do 19% en base ao establecido no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

SEXTA. Xurado

O Xurado estará composto por:

- Un representante do Concello.
- Un responsable de Ecourense UTE.

- O alumnado e profesorado de segundo curso do Ciclo Superior de Xestión de Vendas e Espazos Comerciais do CIFP Portovello.

O xurado poderá visitar, desde o exterior, as decoracións seleccionadas como finalistas a partir do día 13 de decembro.

O xurado valorará os escaparates tendo en conta os seguintes criterios (máximo 100 puntos):

- A. Composición e deseño (15 puntos)
- B. Calidade e harmonía (15 puntos)
- C. Iluminación (15 puntos)
- D. Creatividade e orixinalidade (15 puntos)
- E. Exposición dos produtos (15 puntos)
- F. Uso de materiais reciclados (25 puntos)

No caso de empate, o premio repartirase proporcionalmente entre os/as gañadores/as. Os premios poderán ser declarados desertos. A decisión do xurado será inapelable. Todas as decoracións que a hora de realizar a visita polo xurado non estiveran expostas, de acordo coas bases deste concurso, quedarán eliminadas automaticamente.

O fallo do xurado darase a coñecer a través dos medios de comunicación, na páxina web do Concello de Ourense, na de Ecourense UTE, na do CIFP Portovello (<https://www.cifpportovello.gal/>) e nas correspondentes redes sociais. Ademais, será comunicado a través do correo electrónico e/ou chamada telefónica ás persoas e establecementos galardoados.

SÉTIMA. Veredicto

O resultado darase a coñecer a través dos medios de comunicación do Concello e do CIFP Portovello. O acto de entrega de premios farase o día 20 de decembro de 2021 se as condicións sanitarias o permiten. Dito acto terá lugar no Auditorio do Concello de Ourense. No caso contrario, entregaranse os premios de forma privada aos/ás gañadores/as.

OITAVA. Compromiso

A inscrición no concurso implica a autorización a tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais, as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais. Así mesmo, o establecemento comprométese a ter o escaparate visible ao público até as 22:00 horas desde o 13 de decembro de 2021 até o 8 de xaneiro de 2022.

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases e o sometemento expreso das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a organización. A organización resérvase o dereito a descartar aos participantes que incumpran as mesmas e, especialmente, calquera participación que vaia en contra destas bases.

Coa aceptación destas bases os participantes comprenden os termos e condicións das mesmas e comprométese a cumprir coa normativa vixente que poida resultar da aplicación a este respecto, de modo que polo simple feito de participar no concurso están prestando o seu consentimento a someterse ás bases e a legalidade de forma total e irrevogable.

A manifestación en contrario do participante, independentemente de en que momento se realice, implicará a autoexclusión do concurso e a liberación da organización de calquera compromiso adquirido co participante.

Calquera imprevisto non contemplado nestas bases será resolto pola organización.

NOVENA. Lexislación aplicable e xurisdición

Para a resolución de calquera controversia ou discrepancia que poida xurdir en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, á organización e aos participantes no concurso, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Ourense, con renuncia expresa ao foro que puidera corresponderlles.

De conformidade co indicado na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os participantes quedan informados das seguintes cuestións:

O responsable do tratamento de datos dos participantes é Ecourense UTE e o Concello de Ourense.

A finalidade do tratamento é a xestión e desenvolvemento do concurso conforme ás presentes bases.

A base lexítima que sustenta o tratamento é o consentimento que presta o titular ao participar no concurso con previo coñecemento das bases reguladoras.

Poderán realizarse fotografías dos/as gañadores/as e publicalas, xunto cos datos identificativos, en medios de comunicación e redes sociais do Concello, así como nas canles de comunicación, redes sociais e materiais de difusión de Ecourense UTE e do CIFP Portovello. A finalidade da imaxe será en todo caso divulgativa e informativa do evento que organice o Concello para a entrega de premios ou similar. Os titulares poden exercer uns dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición. Tamén o dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. Para máis información, consultar na páxina web do Concello de Ourense.